Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A gripe é unha enfermidade respiratoria, habitualmente de escasa gravidade, causada por virus.

Este virus transmítese por secrecións respiratorias, expulsadas polas persoas infectadas ao falar, tusir ou esbirrar, provocando febre, tose, cefalea, dores musculares ou articulares con astenia.

A vacina da gripe protexe á poboación, maior ou grupos de risco, diminuindo a incidencia de complicacións de gravidade, e polo tanto evitando ingresos hospitalarios e mortes secundarias á enfermidade.

Como en anos anteriores, coa chegada do outono púxose en marcha a nova campaña de vacinación antigripal, dirixida fundamentalmente ás persoas maiores, pero tamén a nenos e adultos con enfermidades crónicas, embarazadas, persoas residentes en institucións pechadas, persoal sanitario ou de atención a maiores, ou persoas que exercen traballos esenciais para a comunidade.

Diante do inicio da campaña en datas próximas, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os resultados da campaña de vacinación contra a gripe?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 13:17:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 13:17:31

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/07/2019 13:17:54

Marta Rodriguez Arias na data 15/07/2019 13:18:08

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 13:18:26

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 13:18:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 13:18:56

Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 13:19:19

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/07/2019 13:19:39



A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No 2017 a Consellería de Sanidade elaborou o Plan de Prevención do Suicidio, dando así cumprimento a unha necesidade manifestada na Revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2014 e na estratexia SERGAS 2020, e tamén ao compromiso adquirido en sede Parlamentaria o 21 de marzo de ese mesmo ano de ter elaborado o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia.

O Plan de prevención do suicidio de Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio, así como dos seus familiares.

Con este documento quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental, e tamén concienciar que o suicidio é un problema global que vai mais ala da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas en ámbitos tan importantes como o educativo e o social.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o seguimento e resultados desde a posta en marcha do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 14:00:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 14:00:53

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/07/2019 14:01:13

Marta Rodriguez Arias na data 15/07/2019 14:01:27

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 14:01:42

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 14:01:58

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 14:02:09

Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 14:02:30

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/07/2019 14:02:45



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polas características das obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense.

É necesario destacar o compromiso que o Goberno galego ten coa sanidade pública na comarca de A Mariña e, en concreto, co Hospital da Mariña Lucense.

Así pois, o traballo e a loita da Xunta de Galicia polo Hospital da Mariña Lucense demostrase co Diario Oficial de Galicia na man. O Goberno galego fala facendo con partidas orzamentarias destinadas á mellora da nosa sanidade pública.

Neste senso, a obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense xa está en marcha cun investimento total de 20 millóns de euros, 12,8 millóns de euros na súa primeira fase.

Así, ante o exposto, os deputados abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as características detalladas da obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 15/07/2019 13:29:01

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 13:29:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 13:29:42

Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 13:30:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/07/2019 13:30:28

Marta Rodriguez Arias na data 15/07/2019 13:30:43

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 13:31:01

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 13:31:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 13:31:34

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/07/2019 13:31:53



Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo do 2016, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional. Estes documentos se elaboraron acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxerencias, etc., tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

No DOG do 9 de agosto de 2017 se publicou o anuncio e licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital de Montecelo (Pontevedra), e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo.

O 16 de febreiro de 2018 se formalizou o contrato coa UTE formada por Estudio Chile 15 S.L.P., Gau Arquitectura e Urbanismo S.L.P. e JG Ingenieros para a elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital Montecelo e a redacción do proxecto básico e execución da fase I da obra de construción Gran Montecelo.

O 7 de xuño de 2018 o Consello da Xunta aprobou a declaración de interese supramunicipal do Proxecto sectorial para a ampliación do Hospital Gran Montecelo.

CSV:REXISTRO-WFY6brISJ-6Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Dentro da tramitación preceptiva o 20 de xuño de 2018 remitiuse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o proxecto sectorial de incidencia municipal para o trámite de avaliación ambiental.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático someteuno a consulta pública por un prazo de 45 días hábiles. Finalizadas as consultas desde a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático dictouse resolución de alcance con unha serie de recomendacións a ter en conta na elaboración definitiva do proxecto sectorial. Esta resolución recibíuse no SERGAS o 31 de agosto de 2018.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué avances e novidades se teñen producido nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 15/07/2019 13:41:18

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/07/2019 13:41:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 13:41:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 13:42:15

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/07/2019 13:42:37

Marta Rodríguez Arias na data 15/07/2019 13:42:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 13:43:10

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 13:43:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 13:43:36

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/07/2019 13:43:52

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 13:44:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol é o referente sanitario da comarca de Ferrolterra. Estas instalacións contan con varias edificacións, por un lado o Hospital Arquitecto Marcide, por outro o Hospital Naval e por último o Novoa Santos. Durante anos lévase informando que os 47.000 m² do que dispón o Hospital Arquitecto Marcide quédanse pequenos, polo que era necesaria una reforma e modernización dos servizos que prestan aos veciños e veciñas da área de Ferrolterra.

Ante estas demandas, o Goberno da Xunta de Galicia no 2017 anunciou o comezo para a remodelación de dito Complexo Hospitalario, consistente na construción de dous novos edificios, co obxectivo de ampliar nun terzo a súa superficie total. Edificios onde se ubicarán por un lado a xerencia, a dirección e a administración, e por outro a cociña, os vestiarios, as urxencias, a farmacia, nefroloxía, hospitalización, pediatría e a Unidade de Coidados Intensivos.

Por todo isto, e ante a urxente necesidade de ampliar e modernizar a área sanitaria de Ferrol, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a situación actual na que se atopa o expediente e que prazos manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 15/07/2019 13:54:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 13:55:11

Diego Calvo Pouso na data 15/07/2019 13:55:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 13:55:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 13:56:01

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/07/2019 13:56:25

Marta Rodriguez Arias na data 15/07/2019 13:56:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 13:56:56

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 13:57:12

Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 13:57:22

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/07/2019 13:57:38



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego está a apostar pola intermodalidade entre os distintos modos de transporte e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido o financiamento comunitario.

No Grupo Parlamentario Popular, ao igual que o Goberno da Xunta de Galicia, sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. E para iso é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas.

Desde a Xunta estase a avanzar con determinación neste eido e xa ten iniciado as obras da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela, no mes de xullo de 2018, e tamén no mes de setembro dese mesmo ano, as correspondentes á estación de autobuses de Ourense.

Tamén se veñen producindo avances importantes no camiño de garantir a intermodalidade en Vigo: as obras da nova estación de autobuses intermodal adxudicáronse a finais do mes de maio; e tamén en Pontevedra, onde as obras da Xunta para dotar de intermodalidade á cidade están xa licitadas, tanto a correspondente á conexión entre as estacións de autobuses e de ferrocarril, como a da reforma do actual edificio da estación de autobuses.

No caso da cidade da Coruña os diversos cambios de criterio do Concello obrigan a redefinir gran parte do traballo feito pola Xunta, demorando o desenvolvendo da intermodal da cidade, tendo a Xunta que licitar de novo a redacción dun novo proxecto construtivo para a estación intermodal, que foi licitada a finais do mes de novembro de 2018. Ademais, o Goberno galego tamén está avanzando na tramitación administrativa necesaria no caso dos proxectos de intermodalidade no transporte en Lugo e en Ferrol.



Tendo en conta que as intermodais son proxectos estratéxicos para o futuro das nosas cidades e que o seu desenvolvemento require dun esforzo colectivo entre as distintas administracións implicadas, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as previsións que manexa a Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 10:46:32

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 10:47:04

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 10:47:39

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 10:47:52

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 10:48:09

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 10:48:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 10:48:37



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Beatriz Mato Otero, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como no impulso das infraestruturas necesarias; continuando coa aposta polo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia; ou con novas iniciativas como o Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña.

Esta última é unha iniciativa da Xunta que permite que os autobuses interurbanos poidan facer paradas no centro da cidade.

O Plan de Accesibilidade iniciou a súa posta en marcha no mes de novembro de 2017 e foise implantando de modo progresivo, en distintas fases, ata verse completado a finais de maio de 2018.

Con este plan a Xunta busca fomentar o uso do transporte público e reforzar o papel da cidade como centro de actividade económica, comercial e social, atendendo con el, ademais, unha vella demanda dos veciños da comarca.

É por iso que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta do Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña, logo de que teña transcorrido máis dun ano desde a súa completa posta en funcionamento?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 10:55:10

Beatriz Mato Otero na data 16/07/2019 10:55:36

Diego Calvo Pouso na data 16/07/2019 10:55:49

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 10:56:02

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 10:56:19

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 10:56:33

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 10:56:45

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 10:57:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 10:57:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como no impulso das infraestruturas necesarias.

Nestes últimos tempos, gran parte do traballo realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade estase a centrar, precisamente, na modernización do transporte interurbano de viaxeiros por estrada.

A Consellería xa levou a cabo un intenso traballo de planificación co obxectivo de garantir o servizo de transporte a todos os galegos, tras as renuncias de certas empresas a seguir coa prestación do servizo; pero tamén, encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, fundamentalmente no rural. Un traballo, este, que culminaba o 8 de agosto de 2017 e que abrangueu, fundamentalmente, as provincias de Ourense e de Lugo, pero tamén algunha zona concreta das provincias da Coruña e de Pontevedra.

O 16 de febreiro de 2018, o Goberno galego anunciaba a licitación dos estudos correspondentes á planificación do Plan de Transporte Público de Galicia ao longo de 2019, co obxectivo de que todo o territorio galego teña, a finais deste ano, un servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada moderno e acorde ás necesidades reais dos cidadáns.

Nestes últimos meses a Xunta vén realizando un enorme esforzo para a consecución deste obxectivo, deseñando uns novos contratos de transporte interurbano equilibrados economicamente e dirixidos a blindar o emprego do sector e os servizos, pensando especialmente nos veciños do rural.

Pese a isto, as federacións do transporte e organizacións sindicais interpuxeron recursos contra os pregos de concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade. Recursos, todos eles, que foron desestimados polo dito Tribunal, que lle deu a razón á Xunta.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



É por iso que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como están a avanzar os traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios que supón o Plan de Transporte Público de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:01:29

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:01:49

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:02:07

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:02:17

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:02:31

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:02:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:02:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Neste Grupo Parlamentario somos conscientes de que, nos últimos tempos, o colectivo do taxi viu ameazada a súa competitividade polo desequilibrio que se ten producido entre as licenzas de taxi e de arrendamento de vehículos con condutor, VTC. Un problema que o Ministerio de Fomento debe atallar coa definición dun marco normativo claro e estable que garanta a competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os servizos de alugueiro con condutor.

O Goberno galego ten sido sensible coa preocupación que xera esta situación entre o sector do taxi. Por iso, no marco das súas competencias, no pasado mes de febreiro, concretamente o día 22, publicaba unha orde que regula os distintivos de identificación dos vehículos VTC cuxa autorización se atope domiciliada en Galicia.

Un distintivo que é de uso obrigatorio desde o día 22 de maio e co que se busca facilitar a identificación deste tipo de vehículos, garantir a calidade do servizo que reciben os usuarios e evitar prácticas fraudulentas, así como a competencia desleal.

Paralelamente, desde a Xunta tamén se teñen adoptado outras medidas para incrementar a competitividade do sector do taxi e fomentar o emprego neste colectivo, como pode ser o apoio para a compra de taxis adaptados.

É por iso que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que xestións ten realizado a Xunta para favorecer unha competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os VTC?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:07:23

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:07:45

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:08:04

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:08:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:08:32

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:08:47

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:09:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas.

Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas desde o Goberno autonómico.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o grado de desenvolvemento actual do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:12:27

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:12:46

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:13:03

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:13:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:13:32

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:13:48

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:13:59



A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Ninguén pode negar a importancia que a ría de Pontevedra ten, desde o punto de turístico e ambiental pero, tamén moi especialmente, no relativo á produción pesqueira e marisqueira.

O Goberno galego desenvolve un amplo abano de medidas dirixidas a completar o saneamento integral destes espazos e acadar un bo estado das augas, sen lugar a dúbidas, un gran reto que redundará en beneficio do sector pesqueiro e marisqueiro da zona.

En particular, a Xunta de Galicia ten asumido o compromiso de levar a cabo unha serie de actuacións para mellorar o saneamento da ría de Pontevedra.

Para isto, vén convocando periodicamente reunións de seguimento do saneamento da Ría de Pontevedra, na que participan a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –da que depende Augas de Galicia- e a Consellería do Mar, ademais dos Concellos de Pontevedra, Marín e Poio e das confrarías do fondo da ría.

Na reunión celebrada o 22 de outubro de 2018, o Goberno galego trasladou os últimos avances nas actuacións previstas para o saneamento da ría. A curto prazo a Xunta aposta pola mellora da actual estación depuradora de augas residuais e pola construción dun novo emisario, prevéndose ao seu termo unha mellora substancial da calidade da auga depurada da EDAR.

Nestes momentos, o Goberno galego está coa tramitación necesaria para levar a cabo, tanto as obras de mellora da EDAR dos Praceres, como para o novo emisario submarino. Dúas actuacións que permitirán avanzar no saneamento integral da ría de Pontevedra e no cumprimento das normativas europeas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopan as actuacións planificadas pola Xunta para o saneamento da ría de Pontevedra?



Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:18:51

María Guadalupe Murillo Solís na data 16/07/2019 11:19:03

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:19:19

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:19:35

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:19:53

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:20:10

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:20:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:20:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na estrada de titularidade autonómica PO-308, Pontevedra-A Lanzada, a Xunta de Galicia está a traballar na mellora da seguridade viaria, a través de distintas liñas de actuación, nos concellos de Poio e de Sanxenxo.

No marco do Plan de Sendas de Galicia, o Goberno galego vén traballando intensamente para o desenvolvemento de distintos itinerarios peonís e ciclistas nesta estrada ao seu paso por estes dous municipios. Concretamente, cun itinerario peonil e ciclista continuo entre Portonovo e A Lanzada; ou con distintos proxectos de sendas en Poio: O Covelo-Raxó; Fontenla-Combarro e Combarro-Chancelas-Samieira.

Tamén, no marco da Estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica, que está desenvolvendo o Goberno galego, cun investimento global superior aos 12 millóns de euros co fin de ter actuado en 2020 en todos estes treitos, recóllense distintas medidas e actuacións para esta estrada PO-308.

Estamos a falar de actuacións importantísimas, en distintos eidos, para mellorar a seguridade viaria, tanto de veciños como de usuarios, nunha vía moi transitada, especialmente en época estival. Medidas que, entendemos, serán máis efectivas canto maior sexa a implicación e a colaboración dos concellos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións está a desenvolver o Goberno galego para mellorar a seguridade de veciños e usuarios na PO-308, nos municipios de Sanxenxo e de Poio?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:24:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:24:40

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:24:55

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:25:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:25:25

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:25:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:25:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción



dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia xa que é o Camiño polo que transitan máis do 60 % dos peregrinos que se achegan ata Santiago.

Ademais, discorre por unha parte urbana que ten unha alta densidade de tráfico ao ser unha das saídas naturais cara ao norte ou cruzar viarios importantes como a Avenida de Lugo.

Neste sentido, as propostas do equipo redactor do proxecto de adecuación paisaxística deben ter en consideración as particularidades do Camiño Francés en múltiples aspectos, pero particularmente na mobilidade funcional da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras e actuacións concretas recolle o proxecto de integración paisaxística do Camiño Francés á súa entrada en Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 16/07/2019 11:32:23

Paula Prado Del Río na data 16/07/2019 11:32:37

Diego Calvo Pouso na data 16/07/2019 11:32:48

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:33:00

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:33:12

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:33:26

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:33:35

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:33:49

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:34:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:34:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGyrluTU9Gb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción



dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

A Xunta ten reforzado o seu compromiso coa posta en valor dos Camiños, incrementando os obxectivos que se tiña marcado nun principio e ampliando incluso ámbitos de actuación en proxectos concretos. Todo, en aras de acadar a mellora estética e funcional do Camiño para construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como están a avanzar os distintos proxectos de integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 16/07/2019 11:39:24

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:39:40

Paula Prado Del Río na data 16/07/2019 11:39:57

Diego Calvo Pouso na data 16/07/2019 11:40:14

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:40:29

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:40:44

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:40:57

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:41:11

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:41:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:41:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Beatriz Mato Otero, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña. Neste sentido, cómpre recordar que o actual Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da Vía Ártabra (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de Oleiros e 42 M€) en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por iso, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa AP-9, no enlace da Gándara, e mantendo para una fase posterior a súa conexión coa autovía A-6.

A firme vontade da Xunta de axilizar as obras de conexión desta vía estratéxica coa AP-9, levou a que o Goberno galego decidise desenvolver a actuación en dúas fases: unha primeira entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221; e unha segunda, entre esta última vía e a autoestrada AP-9, que require da autorización do Ministerio de Fomento.

Isto permítelle ao Goberno galego avanzar o inicio das obras nun primeiro tramo da conexión da Vía Ártabra coa AP-9, entre a N-VI e a estrada autonómica San Pedro de Nós-Mabegondo (AC-221), mentres non se resolve a autorización do Ministerio de Fomento da conexión coa Autoestrada do Atlántico.

Segundo se fixo público, a previsión da Xunta é iniciar as obras de execución deste treito da Vía Ártabra este mesmo verán, unha vez asinado o contrato das obras e realizado o levantamento de actas de ocupación previa entre os días 19 e 24 de xullo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a programación da Xunta de Galicia en canto á execución das obras de prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221?



Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Mato Otero na data 16/07/2019 11:43:19

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:43:34

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:43:55

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:44:10

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:44:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:44:34

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:44:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:44:59

Diego Calvo Pouso na data 16/07/2019 11:45:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trénor López, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O día 18 de xaneiro de 2019 o *Diario Oficial de Galicia* publicou a instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, de Augas de Galicia para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario.

Un documento que ten como obxectivo poñer en coñecemento de todos os criterios para a homoxeneización e sistematización das actuacións de conservación fluvial, aclarando e protocolizando as actuacións de conservación e limpeza de ríos que deben facer as distintas administracións competentes.

Establece, ademais, os criterios a seguir desde Augas de Galicia naquelas actuacións de mantemento e conservación dos ríos na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa que non discorran por zonas urbanas; tendo en conta que a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas lle corresponde aos concellos, en consonancia coa interpretación dada polo Tribunal Supremo, en sentenza do 13 de decembro de 2017, ao artigo 28.4 da Lei 10/2010, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional.

Desde este Grupo Parlamentario consideramos de enorme importancia esta instrución que vén de publicar a Xunta de Galicia, máis tendo en conta o contexto de cambio climático, para determinar as actuacións de conservación fluvial que se poden levar a cabo, onde e como facelas, ademais de clarificar as responsabilidades que ten cada administración neste eido, en aras dunha mellor xestión fluvial na Comunidade. Con todo, en Galicia existen moitos ríos que están situados en demarcacións hidrográficas de competencia estatal.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública dun ben inmovible coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2018, nunha Proposición non de lei presentada por este deputado e ante esta comisión, aprobouse (e acordouse) por unanimidade a seguinte resolución:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.”

Pois ben, case un ano despois, esta resolución segue sen cumprirse.



Por todo o exposto anteriormente, o deputado que subscribe, pertencente ao Grupo Parlamentario Mixto, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Cal é o motivo polo que non se executou aínda a resolución adoptada por unanimidade no Parlamento de Galicia onde se instaba a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmobile?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/07/2019 13:13:22



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional conta cun Plan de dotación de Infraestruturas Educativas para o período 2016-2021.

Un plan que alonga o seu prazo de vixencia un ano máis e que incrementa o seu orzamento en preto do 70% ao pasar dun investimento inicialmente previsto de 118 millóns de euros a 200 millóns.

Con estes investimentos perséguese renovar e modernizar unha parte importante da rede de centros educativos da nosa Comunidade, para adaptar as súas instalacións ás necesidades do sistema educativo galego, particularmente en cuestións como a eficiencia enerxética, novas tecnoloxías ou os impactos demográficos.

O Goberno galego, para conseguir estes fins, afrontou con criterios técnicos unha planificación e unha previsión de investimentos que permitise a realización de melloras nas instalacións docentes, ao tempo que se xestionan con eficacia e eficiencia os recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o estado de execución dos investimentos destinados á renovación da rede de centros públicos de ensino neste exercicio orzamentario?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:12:03

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:12:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:12:36

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:12:48

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:13:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:13:16

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:13:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Consello da Xunta de Galicia, o pasado mes de febreiro, aprobou a creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional na cidade de Ourense.

Este Centro, que está chamado a ser o referente da creatividade e o talento da Formación Profesional da nosa Comunidade, tanto para o seu alumnado como para o profesorado, ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento industrial, coa mellora da capacitación e cualificación do persoal humano e a inclusión de novas tecnoloxías ao tecido produtivo que permitan incrementar a súa competitividade.

A creación deste Centro en Ourense é posible pola implicación no proxecto da Deputación Provincial de Ourense, despois da negativa da Zona Franca de Vigo a participar nesta nova instalación.

A previsión de investimento neste Centro é de 9,9 millóns de euros, dos que a Deputación de Ourense achegará 5 millóns e o resto serán financiados pola Xunta de Galicia a través dunha colaboración entre as Consellerías de Economía e Educación.

O centro situarase na antiga Escola Fogar de Mariñamansa; un edificio ata agora abandonado e que vai ser recuperado porque ocupa un lugar estratéxico; ao estar próximo ao CIFP A Farixa, o centro de FP de referencia na provincia de Ourense.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa a creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019



Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:16:52

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:17:09

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:17:24

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:17:35

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:17:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:18:02

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:18:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Toda Administración Pública debe perseguir a máxima eficiencia e eficacia na súa actuación, incluída, a oferta e xestión do ámbito educativo.

Galicia non é allea a un proceso natural e ordinario de revisión das unidades de ensino para adaptarse ás necesidades que van xurdindo cada ano. Así, ante un novo curso escolar, na procura desa obrigada optimización dos recursos, con criterios obxectivos de calidade educativa e de evolución demográfica, desde o departamento responsable de ensino na nosa Comunidade, realízase unha adaptación da oferta da rede de centros educativos.

Este proceso anual parte da análise de matrícula dos diferentes centros escolares públicos, tanto nos niveis de educación infantil, como de educación primaria e de educación especial.

A consecuencia desta revisión, absolutamente técnica, implica tanto a creación de novas unidades como a supresión ou reagrupamento doutras, en función do decremento ou aumento do número de alumnado que debe atender cada centro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a evolución das unidades de ensino no conxunto da Comunidade Autónoma na última década?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:21:36

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:21:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:22:02

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:22:19

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:22:32

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:22:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:23:04



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O calendario escolar para o curso 2019/2020 para os centros docentes sostidos con fondos públicos xa está establecido por Orde, do 20 de xuño, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Segundo esta Orde, os centros do segundo ciclo de educación infantil educación especial e educación primaria iniciarán o curso escolar o 11 de setembro, mentres que os centros de educación secundaria obrigatoria, bachelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, farano o 16 de setembro.

En definitiva, preto de 400.000 alumnos e alumnas serán recibidos nas aulas dos diferentes centros que conforman a rede de ensino público.

Este feito, que parece natural, require dun esforzo importante de coordinación e xestión por parte da Administración, pero tamén da comunidade educativa que, cada ano, deben resolver todas as incidencias que implica poñer en marcha un curso escolar.

Non se trata só de atender demandas materiais, de recursos humanos ou económicos, se non de realizalo pensando na mellora da calidade educativa, da inclusión, da equidade e da convivencia escolar nas mellores condicións e para satisfacción de todos e todas.

Por iso, cada inicio de curso, supón un traballo inxente que ás veces queda invisibilizado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego sobre o inicio do curso escolar 2019/2020?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019



Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:26:04

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:26:20

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:26:37

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:26:53

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:27:10

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:27:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:27:37



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional indicou, na súa comparecencia do mes de xuño de 2019, que unha das liñas de acción do goberno galego era a definición e execución dunha Estratexia Galega de Formación Profesional para os próximos anos.

Comentaba a Conselleira que, co fin de mellorar as competencias profesionais e emprendedoras, esta Estratexia contería medidas na formación profesional dual, na internacionalización, na promoción da I+D+I aplicada ás PEMES e como base para a creación de novas empresas, buscando unha maior implicación do tecido empresarial.

Evidentemente, a implicación empresarial é fundamental nunha estratexia de formación profesional, pois a clave do éxito reside en saber acomodar a formación ao tecido empresarial existente, pero sobre todo, abrir novos camiños acordes ás demandas sociais e económicas do futuro.

Neste sentido, e para dar resposta aos desafíos e retos do desenvolvemento industrial do noso país, hai que prestar especial atención aos perfís profesionais e de formación necesarios para afrontar os cambios cada día máis constantes do mercado laboral.

Adiantarse aos cambios para avanzar nas mellores condicións, nun escenario abocado á globalización, é un obxectivo que debe ter presente calquera estratexia. Innovación, emprendemento e tecnoloxía son piares básicos para unha industria 4.0, onde o capital humano ten que contar coas habilidades necesarias para que sexa posible esa evolución nos diferentes sectores produtivos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que liñas mestras está a deseñar o Goberno galego para a potenciación da Formación Profesional en Galicia?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019



Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:31:06

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:31:24

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:31:37

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:31:53

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:32:07

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:32:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:32:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia establece na sección primeira do capítulo II os requisitos e o procedemento para o recoñecemento dunha universidade privada na nosa Comunidade Autónoma.

Despois de cinco anos de vixencia desta Lei, preséntase a primeira petición para abrir un centro destas características solicitado polo Padroado de Afundación, cuxa intención é que se recoñeza a *Universidad Internacional de la Empresa*.

Esta solicitude, formulada ante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está sendo estudada e tramitada pola Secretaría Xeral de Universidades, quen comunicou ás tres Universidades galegas, no seno do Consello Galego de Universidades, esta petición.

Esta iniciativa, de saír adiante, deberá cumprir uns requisitos e ser un proxecto compatible co actual sistema universitario galego. Introducirá algúns cambios, xa que, previsiblemente, mudará a relación entre a Universidade de Vigo e a coñecida Escola de Negocios de Afundación.

Por todo o exposto, os deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa o procedemento de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa (UIE) iniciado polo padroado de Afundación en 2018?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:35:58

María Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:36:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:36:31

Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:36:46

María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:37:00

Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:37:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:37:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, substituíu á orixinaria de 1995. Despois de máis de 5 anos dende a súa entrada en vigor, hai algunhas disfuncións que non garanten a independencia e a pluralidade do órgano, así como o seu correcto funcionamento no cumprimento das importantes funcións que ten encomendadas:

1. A distribución de competencias entre o Pleno e a Sección de Estudos e Informes, que ten provocado problemas.
2. A propia composición da dita sección, que ten perdido, por expiración oficial de funcións o pasado 15 de xullo, a un conselleiro nato, o presidente Fernando González Laxe, polo que este órgano xa non pode funcionar ao estar composto só por dúas persoas e ao deixar de ser colexiado.
3. O feito de que os seus informes non reflictan o criterio do Consello Consultivo de Galicia senón só dunha minoría dos seus membros (en concreto, de dous), pois non chegan ao Pleno, ademais de non seren publicados.

Por tal motivo, este grupo parlamentario entende que a Sección de Estudos e Informes debería ser a encargada de redactar os anteproxectos legislativos, de elaborar as propostas legislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta de Galicia encomende ao Consello Consultivo e de realizar os informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e as persoas titulares das Alcaldías ou Presidencias das entidades locais solicitasen, examinando estes traballos e sometelos á consideración do Pleno do Consello, único órgano verdadeiramente colexiado e representativo que debe tomar decisións.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que a aplicación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, ten orixinado algunhas disfuncións?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2019 12:36:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/07/2019 12:36:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a supresión por parte da Xunta de Galiza do grao medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil

A Xunta de Galiza creou no curso 2015/2016 o ciclo medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil. Unha titulación que naceu a través dun convenio entre a Consellaría de Educación e a Academia Galega de Seguridade Pública (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia).

De maneira sorprendente e dun día para outro, despois de ter rematado o período de inscrición para o curso 2019/2020, a Xunta de Galiza decidiu pechar o ciclo sen máis explicación nin razón que o xustifique que “cuestións organizativas” entre entidades dependentes do Goberno galego.

E é que a formación do alumnado depende unha parte da Consellaría de Educación a través do IES Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambas as dúas no Concello da Estrada. Resulta incríbel que órganos do mesmo Goberno sexan incapaces de garantir entre si a organización necesaria para garantir o mantemento dunha titulación, ou o que é o mesmo, que a incapacidade do Goberno galego supoña o fin da súa formación para moitas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego esta decisión, inadmisíbel desde calquera punto de vista, deixa sen posibilidade de cursar esta titulación a 46 persoas que xa se inscribiran na mesma e dá por finiquitada no noso país unha formación fundamental para o futuro persoal técnico en Emerxencias e Protección Civil.

Neste senso, para o noso Grupo é imprescindible que a Xunta de Galiza garanta o mantemento deste ciclo na oferta de Formación Profesional, como tamén reclaman desde a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias e Protección Civil de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Vai a Xunta de Galiza recuperar o ciclo medio de Técnico en Emerxencias e Protección Civil?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 12:39:33

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 12:39:48

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 12:39:56

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 12:40:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 12:40:23

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 12:40:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas

A veciñanza de Camariñas amosa a súa indignación porque unha vez máis quedaron sen servizo de Pediatría durante varios días. Situación que se enquistou no tempo pois vense repetindo nos últimos anos.

A Puericultora que teñen asignada neste concello como pediatra, ten todo o dereito a coller as súas vacacións, mais @s nen@s de Camariñas non poden precisar dese servizo durante ese período de vacacións.

Ao non ter servizo de pediatría neses períodos de vacacións trasládase este servizo ao concello de Vimianzo, sobrecargando este e facendo tarefa imposible solicitar cita previa nun tempo suficiente para atender a poboación infantil.

No BNG defendemos que @s nen@s do rural son coma os da cidade, teñen os mesmos problemas e as mesmas necesidades médicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A lei 8/2008 de 10 de Xullo de Saúde de Galicia recoñece o dereito a asignación de persoal facultativo con continuidade, así establece no seu Artigo 12º.- *“Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia”* recoñecendo no punto 5 o *“Dereito á asignación de persoal facultativo, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial, e, de ser o caso, do persoal de enfermaría responsable do seguimento e do plan de coidados. No caso de ausencia, as persoas substitutas asumirán tal responsabilidade.”* e no punto 9 o *“Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e especializada.”*

Compre destacar desta lei o artigo 14.1, *“Dereitos relacionados con grupos especiais.”* Onde di claramente que se debe prestar especial atención @s menores *“As persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia.”*

En resumo a Xunta de Galiza, a través do SERGAS incumpre a lei de Saúde de Galicia, deixando á súa cidadanía sen os servizos médicos básicos que así lle recoñece a lei.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@s
nen@s do concello de Camariñas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 13:05:37

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 13:05:48

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 13:06:00

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 13:06:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 13:06:32

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 13:06:52



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia ten un documento de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co horizonte 2015-2021.

Temos un problema porque o Tribunal Supremo está corrixindo unha parte importante da última planificación das concas que realizara o anterior Goberno central presidido por Mariano Rajoy, tamén o plan galego. Unha destas sentenzas é a de 21 de maio de 2019, da Sala do Contencioso-Administrativo, que estimou un recurso contra o Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, e declarou nulo o plan por ser contrario ao ordenamento xurídico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia con relación á sentenza do Tribunal Supremo de 21 de maio de 2019, que declarou nulo o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2019 10:52:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2019 10:52:35





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 10:56:39
Nº Rexistro: 52756
Data envío: 18/07/2019 10:56:39.756

María Luisa Pierres López na data 18/07/2019 10:52:46

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGyrluTU9Gb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativas ás actuacións a realizar polo Sergas para clarificar o uso que fai POVISA do concerto que mantén co Sergas e garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita.

Fai uns días tivemos coñecemento dunha comunicación da empresa POVISA na que referenciaba como parte dos obxectivos que se marcou esta empresa a principios do ano 2019 o seguinte:

Esta información fai saltar todas as alarmas, toda vez que “estes obxectivos” afectan, ou poden afectar, á cidadanía que ten asignada a súa asistencia sanitaria pública nese hospital.

Pódese deducir desta estratexia dúas cousas: primeiro que estean mudando os criterios científicos nos que se basean as indicacións de consultas, probas ou intervencións, para así reducir o número delas e favorecer a consecución do obxectivo de “liberación de recursos para mellorar cada vez máis o tempo de resposta a doentes privados” e así obter máis beneficios. A segunda dedución pode ser que estaban facendo consultas, probas ou intervencións que non aportaban valor engadido ás persoas que se sometían a elas, co conseguinte incremento do risco de efectos secundarios que isto supón.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En calquera dos dous casos están en cuestión os criterios científicos usados e que se compromete a saúde das persoas atendidas. A isto hai que engadir o uso de recursos públicos que tiñan que ir para financiar a atención sanitaria d@s doentes do Sergas destinados a incrementar a actividade privada.

A opacidade e o oscurantismo nas contas que presenta POVISA son unha constante. Non ofrece información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. Utiliza o mesmo persoal para prestar a asistencia sanitaria pública que a privada. Non se sabe se as innovacións tecnolóxicas as imputa ao concerto ou págaas a empresa da parte privada, ou a que recursos se imputan as melloras que realiza na infraestrutura?

O BNG considera estes feitos moi graves, é imperioso que por parte do SERGAS se aclare de inmediato os criterios utilizados por POVISA para determinar o tipo de prestacións e servizos que aplica @s doentes da sanidade pública @s que en aras do convenio en vigor atende, e mostrar que a calidade asistencial que reciben @s mesm@s está garantida.

A Consellaría de Sanidade non pode manterse impasible, nin mirar para outro lado diante desta situación nun centro sanitario co que ten asinado un concerto millonario. Ten que aclarar si vai a consentir que os cartos públicos sirvan para que a empresa mellore a súa conta de resultados, para que a empresa sanee a súa economía e a do grupo ao que pertence ou para a prestación sanitaria da poboación que ten adscrita.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoracións fai a Xunta dos mencionados obxectivos marcados por
POVISA?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 13:28:01

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 13:28:23

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 13:28:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 13:29:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 13:30:57

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 13:31:52



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, pertencente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente ofértase na comunidade autónoma de Galicia, segundo se establece na Orde do 13 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG do 21 de xuño de 2019), nun único centro público: o IES plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada).

O sistema de solicitude e adxudicación de prazas nos ciclos formativos impartidos na nosa comunidade autónoma vén funcionando con normalidade desde hai moitos cursos, froito dun proceso centralizado que se puxo en marcha e se foi perfeccionando desde a xeneralización destas ensinanzas.

A relación completa de solicitantes de praza para a totalidade dos ciclos formativos de grao medio pódese consultar, na data de formulación desta iniciativa, no enderezo http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8302.

Por outra parte, a relación de solicitantes que obtiveron praza en cada un dos ciclos de grao medio ofertados está dispoñible no enderezo http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8348.

Neste último pode comprobarse que no hai ningunha adxudicación para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil o que merece que por parte da Administración educativa se dea unha explicación urxente, se temos en conta o elevado número de solicitantes, así como a exclusividade da oferta nun entorno tan acaído como é o do concello da Estrada, que conta coa presenza da sede da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e da Academia Galega de Seguridade Pública.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Cales son os motivos polos que, na adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, ofertado no IES



plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada e feita pública o día 16 de xullo de 2019, non hai ningunha praza adxudicada?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2019 14:16:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 18/07/2019 14:16:46

María Luisa Pierres López na data 18/07/2019 14:17:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O DOG do 12 de xullo vén de publicar a puntuación obtida por distintas asociacións para a autorización de uso de locais da Xunta na súa nova sede de Pontevedra, tendo obtivo a Red Madre 80 puntos –a segunda posición– e accedendo, por elo, a un local. 5 deses puntos conseguinos por se unha entidade declarada de utilidade pública e non conseguiu ningún deles no campo de fomentar a igualdade entre homes e mulleres.

Este feito puntual confirma o apoio da Xunta á Red Madre, que leva varios anos recibindo subvencións autonómicas, grazas a aprobación, en 2009, polo Parlamento de Galicia, cos únicos votos a favor do PP, dunha ILP que, promovida por dita fundación, foi impulsada polo Foro de la Familia dende 2006, camuflando como “apoyo á muller embarazada” unha lei reaccionaria e antiabortista.

Na práctica, a aprobación desta norma permitiu á Xunta concertar coa propia Red Madre labores directas de información a mulleres embarazadas, conforme ao propio artigo 3 da Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, aprobada como consecuencia da aprobación da ILP:



Coa aprobación da ILP a Fundación buscaba unha vía de financiamento público para o seu programa reaccionario, coa escusa de dar apoio a mulleres embarazadas e a familias monomarentais.

En Galiza, dende a aprobación de dita lei, a realidade foi que a Red Madre supliu labores que tiñan asignados os centros de asesoramento afectivo-sexual Centros Quérote, desmantelados polo goberno de Núñez Feijóo. A aprobación da lei permitiu tamén que se editara unha *Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade*, na que inclúen programas xestionados por agrupacións da propia Red Madre e asociacións católicas.

De feito, esta Fundación Red Madre percibe elevadas subvencións, a través da Secretaría Xeral de Igualdade. No ano 2016, ascenderon a máis 110.000 euros e en 2018 case 78.500 €, divididas nas súas catro asociacións provinciais, sendo a entidade

Defendemos a derogación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece unha rede de apoio á muller embarazada e deixar de subvencionar as actividades antiabortistas desta asociación. Asemade, reforzar e ampliar a rede de centros de orientación afectivo-sexual, de xeito que se garanta o acceso universal ao asesoramento e educación sexual en todo o territorio galego.

O que se debe blindar por lei en Galiza é o dereito á educación afectivo sexual pública e de calidade, fronte a supostas redes de apoio á maternidade que encobren actividades reaccionarias e contrarias aos dereitos das mulleres. A atención ás mulleres embarazadas que precisen apoios socioeconómicos debe prestalas a Xunta, reforzando a súa rede pública de servizos sociais, aumentando os recursos dos servizos sociais comunitarios, recursos de acollemento residencial e as prestacións sociais autonómicas.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta:

- Considera a Xunta acaído deixar ao abeiro dunha organización antiabortista o asesoramento a mulleres embarazadas?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/07/2019 13:56:53



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como cada ano cando chegan estas datasponse en evidencia a necesidade que ten a ría de Corcubión dunhas instalacións que permitan o atraque das embarcacións de recreo. A falta delas fai que as naves que visitan a zona permanezan amarradas na ría.

Pero por parte do ente Portos de Galicia, e cada vez que desde o Concello de Fisterra ou Corcubión se fixo a demanda, a resposta sempre foi negativa, indicándose que non existía tal necesidade. Esta resposta ao Grupo Parlamentario Socialista parécenos, ademais doutro exemplo máis do abandono ao que Feijóo ten sometida a Costa da Morte, unha resposta irresponsable e que carece de perspectiva de futuro en canto á dinamización da zona. Todo isto, a pesar de ser Fisterra un porto ligado co Xacobeo, e que se trata dun punto de paso de referencia mundial, coa a zona dun punto intermedio entre Muxía e Muros que dea resposta á necesidade de atraque.

Está claro que os deportes náuticos están en auxe, e que isto podería ter unha dobre consecuencia na zona: por un lado contribuiría á desestacionalización do turismo, e por outro, xeraríanse empregos tanto de carácter directo como indirecto.

Pero, aínda así, e a pesar dos esforzos dos concellos implicados, moitas das iniciativas que se levan a cabo, finalmente fracasan debido á falta de instalacións e de servizos de reparación e mantemento que permitan atender a demanda propia que se deriva deste tipo de actividade.

Unha posible solución que dese resposta a esta necesidade, e que non tería impacto medioambiental, sería a construción dun dique flotante similar ao construído hai un ano, que permitiría protexer o porto do vento.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a necesidade de dotar unha zona de atraque ás embarcacións de recreo que se achegan á ría de Corcubión?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/07/2019 14:02:03

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2019 14:02:20



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia, organismo adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, publicou o 8 de xullo deste ano no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2019.

Na propia exposición de motivos ponse de manifesto a necesidade urxente de que por parte das distintas administracións se adopten medidas destinadas a reducir o consumo de combustibles fósiles para facer fronte á senda crecente de emisións de gases de efecto invernadoiro. Sendo o sector transporte unha actuación prioritaria posto que representa o 31 % do consumo de enerxía final de Galicia, representando o transporte por estrada un 80 % deste consumo cunha dependencia dos derivados do petróleo do 95 %.

Galicia ten un dos parques de automóbiles máis envellecidos de España cunha antigüidade de 14 anos, polo que a substitución de vehículos de certa antigüidade por vehículos novos eficientes permitiría a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

A Orde de axudas pretende retirar da circulación uns 2.000 vehículos con máis de 10 anos de antigüidade e substituílos por outros máis respectuosos co medio natural, establecendo unha serie de aforros económicos para os condutores, así como a xeración de actividade económica na industria galega de automoción, para o que destina, en réxime de concorrencia non competitiva, 1,1 millóns de euros, dos que 800.000 € se dirixen a persoas físicas residentes na comunidade e 300.000 € a autónomos e empresas con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. O prazo de presentación das solicitudes comezará o 30 de xullo de 2019 ás 9.00 horas e rematará cando se esgoten os fondos.

Por medio destas achegas, poderanse adquirir vehículos de ata 40.000 €, que poderán ser turismos ou furgonetas, cuxos importes dependerán da clasificación enerxética do modelo. As achegas da Xunta de Galicia poderán chegar ata os 750



€ que terán un desconto similar por parte dos concesionarios, xa que logo os aforros poderán chegar ata 1.500 €.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cales son as razóns polas que o Goberno galego establece a concorrência non competitiva como forma de concesión das achegas?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2019 13:42:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/07/2019 13:42:54



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, María Carmen Rodríguez Dacosta e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos diarios oficiais de Galicia de datas 21 de maio e 21 de setembro de 2018 e de 28 de xaneiro de 2019, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicou o 11 de febreiro de 2019, as resolucións correspondentes nas que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos durante o exercicio 2018.

Analizados os ditos convenios de colaboración subscritos entre Agader con algúns concellos galegos, vemos que a case totalidade dos concellos beneficiados teñen un goberno do Partido Popular, por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o reparto destes recursos económicos mediante convenios de colaboración con algúns concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/07/2019 14:14:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2019 14:14:26

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/07/2019 14:14:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/07/2019 14:15:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre as axudas concedidas a empresas contaminantes.

Entre os vertidos que soporta o río Furelos produciuse nos días 12,13 e 14 de xullo, un de consecuencias ambientais nefastas, ao morrer 10.000 troitas. Non se sabe que tipo de medidas se adoptaron para que non se sigan producindo os vertidos.

Esta zona ademais é Rede Natura 2000, o LIC de O Careón, especialmente protexida malia que é carente de saneamento todo o polígono industrial da Madanela. Os vertidos chegan ao Río Furelos a través do seu afluente Rego de Piñor.

A láctea DAYRLAC S.L., conformada por a cooperativa Aira, a industria con sede en Melide que lideran as cooperativas Icos (Chantada), Codeira (Portomarín), Larsugal (Melide) ten no consello de Administración á propia Xunta que participa a través de Xesgalicia, é a presuntamente a responsable do vertido.

A Consellería de Medio Ambiente incoa un proceso sancionador solidariamente contra concello de Melide e contra a empresa pola comisión dunha infracción administrativa grave en materia de pesca fluvial, que implica sancións desde os 3001 ata os 30.000 euros ademais da indemnización correspondente polos danos e prexuizos causados.

Esta empresa recibe moitas subvencións da Xunta de Galicia, a través do IGAPE e Xesgalicia. O desastre do que se fixeron eco os medios de comunicación debeu chegar a oídos da Xunta quen comunicou que procedería a veda da pesca no río



mais non decidiu cando nin que outras medidas para que non se sigan producindo os vertidos, nin as medidas para paliar os efectos na saúde da poboación nin do medio ambiente.

Dáse, ademais, a casualidade que unha das persoas que foi representante do goberno da Xunta no Consello de Administración da empresa láctea, acusada de ser a responsable da vertedura DAYRLAC SL, é agora a Directora Xeral de Patrimonio Natural na Consellería de Medio Ambiente, e será a persoa que instruirá os expedientes sancionadores, co que a imparcialidade está máis que cuestionada.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente está a facer os estudos técnicos para incoar ou non un segundo expediente sancionador pola comisión dunha infracción moi grave en materia de conservación da natureza, polos danos na fauna e flora no tramo do río que se atopa na Rede Natura 2000, que implica multas desde os 60.000 euros ata os 300.000 euros, e as asunción entre o concello de Melide e a empresa os responsables da restauración do medio natural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que lle parece a Xunta investir en empresas e pagar cos cartos da cidadanía a esas mesmas empresas que contaminan?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/07/2019 09:53:46

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 09:53:56





Luis Villares Naveira na data 22/07/2019 09:54:09

Francisco Casal Vidal na data 22/07/2019 09:54:19



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O debate sobre a inclusión da vacina para a meninxite B, o Bexsero (propiedade da empresa farmacéutica GSK), dentro do calendario vacinal e o seu financiamento sobre a financiación ou non por parte do sistema público de saúde vén sendo, de maneira activa, un elemento de discusión no eido clínico e político sobre o sistema sanitario en Galicia.

Neste debate, que obtivo relevancia pública, existiron opinións diversas e moitos profesionais apoiaron a súa inclusión dentro do calendario vacinal. Esas recomendacións, acompañadas da súa dispoñibilidade nas oficinas de farmacia, provocou unha elevada demanda do produto, a prezos elevados aínda.

Recentemente foi coñecido que existe participación de investigadores españoles do sistema público en estudos e proxectos de diversas farmacéuticas. Entre eses casos, algún investigador do sistema público de Galicia foi financiado, entre outras empresas, pola farmacéutica GSK, propietaria do Bexsero. Estes investigadores promocionaron a utilización destas vacinas, e no caso galego as responsabilidades dentro do sistema público están na dirección do IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago), e en particular no área referida a vacinas.

A posible coincidencia de intereses entre a financiación privada e a referencia clínica dentro do sistema público na toma de decisións ou influencia sobre o caso de determinadas vacinas supón, con claridade, un elemento que necesita ser esclarecido.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tivo o IDIS algunha influencia na decisión do Goberno de Galicia sobre a non inclusión da vacina contra a meninxite B no calendario vacinal?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2019 13:30:29

Noela Blanco Rodríguez na data 22/07/2019 13:30:57



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 2011, as augas do río Furelos, no Concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia e o Goberno local, que era do partido Popular ata as pasadas eleccións municipais, sabíao dende o primeiro momento. Xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluente do río Furelos. A entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio non adoptou en ningún momento medidas correctoras nin fixo actuación algunha.

Consecuencias deses vertidos históricos son que a praia fluvial non poida ser usada para o baño ano tras ano (as análises deste ano 2019 tamén son negativas) ou que o desleixo dunha empresa participada pola propia Xunta de Galicia a través de Xesgalicia-Sodiga teña provocado a morte de milleiros de peixes a pasada semana nun espazo protexido (Rede Natura 2000). Resulta curioso que a Consellería de Medio Ambiente anuncie agora a incoación solidaria de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións en materia de pesca fluvial e de conservación da natureza ao Concello de Melide (no que xa non goberna o PP) e a esa empresa na que a Xunta senta representantes no seu Consello de Administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas correctoras ten tomado o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 13:43:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/07/2019 13:43:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 13:43:31

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 13:43:41



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Goberno da Xunta de Galicia hai anos que prometía o arranxo integral da estrada autonómica PO-234 (expropiacións incluídas), no concello de Ponte Caldelas. Ata chegou a confirmar que a execución se faría por fases comezando polo tramo dende Ponte Caldelas a Laxoso, o máis perigoso por incluír varias curvas cegas e no que se asenta un maior volume de poboación. Por esta estrada pasan diariamente numerosos vehículos e ata o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando accidentes e poñendo en perigo a integridade da veciñanza que, reiteradamente, ten reclamado a ampliación da calzada nuns sete metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso.

Ocorreu que na última campaña de eleccións autonómicas a conselleira de Infraestruturas anunciaba que comezarían polo tramo entre Cerdedo-Cotobade e Ponte Caldelas, estrada PO-230, con tráfico moi inferiores e sen ningún accidente rexistrado nos últimos anos. A propia conselleira xustificábalos estes días manifestando que vai ser o Concello de Cerdedo-Cotobade o que asuma o custo das expropiacións mediante a firma dun convenio, “unha fórmula de colaboración idéntica a do Concello de Ponte Caldelas”, dixo, xa que logo, da execución encargárase a Consellería e co obxectivo de licitar as obras nas vindeiras semanas.

Respecto da PO-234 comezouse cun procedemento de expropiación que amosou dificultades na identificación das parcelas, polo que o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio no que asumiría o pago de ata un máximo de 40.000 euros para compensar á Xunta de Galicia polas expropiacións desta estrada autonómica, proposta de convenio do que aínda nada se sabe pero que, segundo o que se acaba de explicar, gustou á conselleira. Mais, a día de hoxe, o convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas hai xa máis de dous anos para o arranxo integral da estrada e que abrangue 74 propiedades, segundo a relación contida no proxecto de expropiacións aprobada pola propia Xunta de Galicia o pasado mes de decembro, segue sen se asinar.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se debería dar máxima prioridade ao arranxo da estrada PO-234, no concello de Ponte Caldelas?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 12:44:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 12:45:02

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 12:45:12



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No mes de maio do pasado ano, a ex conselleira de Medio Ambiente avanzaba que, “en breve”, sería presentado o anteproxecto da futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia e que entraría na Cámara antes de rematar aquel ano 2018.

De novo, case un ano despois, o Consello da Xunta de Galicia era informado do contido do anteproxecto daquela lei co fin de, segundo explicou o propio presidente en rolda de prensa posterior, chegar aos obxectivos que marca a Directiva marco de residuos, do ano 2008. Dicía o señor Núñez Feijóo que, con este anteproxecto, Galicia avanzaría na senda da economía circular e na loita contra o cambio climático. O que non especificou foi cando verán a luz esa lei e os dous documentos de estratexia, todos anunciados hai moitos meses e dos que nada se sabe.

Nese anuncio post consello, recoñecía-se que a Lei de residuos de Galicia (de 2008) está desfasada e o certo é que así é: toda a normativa da Xunta de Galicia sobre residuos está desfasada e, por desgraza, en Galicia o Goberno segue a perder a oportunidade de ocupar un importante espazo político na escena internacional e estar xunto cos países que lideran a loita contra o cambio climático, tamén nos residuos, recoñecendo agora o seu propio suspenso na xestión de residuos e botándolle a culpa aos concellos.

A Comisión Europea informa que Galicia non chega nin ao 20 por cento da reciclaxe dos residuos municipais (os concellos de máis de 5 000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos antes de finais de 2023), mais iso non impide que no informe que presentou tamén o Consello da Xunta de Galicia sobre o exercicio 2018 da entidade Sogama se presuma doutra cousa. Así, gábase o Goberno galego da transición ordenada e do avance cara a un novo concepto empresarial onde priman os principios da economía circular, a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade. E o nivel de cinismo ascende a cotas indescribibles cando se gaba de aprobar unha bonificación do 10 por cento para



“premiar” a aqueles concellos que voluntariamente decidiron acollerse á rebaixa e repercutila no recibo dos seus veciños e veciñas, comprometéndose cunha xestión sostible dos residuos urbanos -cando o certo é que non hai bonificación algunha senón unha rebaixa dun 10 por cento daquela suba de case un 33 por cento no canon do ano 2013-.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que o Consello da Xunta de Galicia é o lugar axeitado para anunciar un anteproxecto de lei?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 13:58:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 13:59:13

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 13:59:22





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á información sobre o cobro de “honorarios” de investigadores públicos pagados por farmacéuticas.

O pasado martes 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título “Investigadores de centros públicos cobran ‘honorarios’ das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan”. Afirmar a nova do xornal que o pediatra Federico Martínón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban, no medio do proceso polo que o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitiu a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias, do mesmo xeito a tetravalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos e polo tanto implica financiamento público e miles de vendas.

Informan que o pediatra Martínón Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.

Federico Martínón Torres coordina o grupo de Xenética, Vacinas e Pediatría do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS, é Xefe de Servizo de Pediatría do CHUS, coordinador de **Regalip, Rede Galega de Investigación Pediátrica**, que





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realiza ensaios clínicos entre outras cuestións sobre vacinas en nen@s galeg@s, ao tempo que ten moita participación en xornadas de formación para enfermería e pediatras sobre vacinas, financiados por empresas farmacéuticas (**Sanofi, MSD, Pfizer, Glaxo**).

Esta información dáse nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de xeito que tanto as industrias sanitarias como a farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Deste xeito ceden ás empresas privadas a formación d@s profesionais da sanidade, d@s directiv@s, o control da investigación e da avaliación das tecnoloxías, a investigación, as doazóns de sangue, coordinación de transplantes... Control por laboratorios farmacéuticos e multinacionais da tecnoloxía e da sanidade privada que orientan os contidos ás súas áreas de negocio.

É unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, axencia galega do coñecemento en saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á “colaboración público privada” e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada.

As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas a este respecto estableceu no informe de fiscalización que “deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento sobre o que asentar a formulación de orzamentos realistas que deben ser acompañadas de medidas rigorosas para o seu cumprimento” e que “debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ao fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais – o balance de situación e a conta do resultado económico patrimonial – de acordo coas esixencias do referido Plan”.

As fundacións de investigación sanitaria deben ser consideradas como entidades do sector público autonómico e polo tanto a actividade que realizan estar suxeita ás directrices de carácter xeral emanadas pola organización pública.

Parece evidente que esta situación debe ser obxecto de explicación e aclaración por parte d@s responsábeis da Consellaría de Sanidade, xa que todo apunta, como mínimo, a fortes conflitos de intereses.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a información do cobro de “honorarios” por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/07/2019 10:30:19

Xosé Luis Bará Torres na data 23/07/2019 10:30:29

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2019 10:30:41

Olalla Rodil Fernández na data 23/07/2019 10:30:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/07/2019 10:31:10

Ana Pontón Mondelo na data 23/07/2019 10:31:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo deputadas do grupo parlamentar de En Marea , ao abeiro do recollido no Artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en **Pleno**

Un informe pouco sospeitoso de radicalismo económico ou de afinidade política co noso grupo parlamentar afirma : “A prolonganda taxa de temporalidade ten efectos negativos sobre a produtividade. De feito, nin as empresas nin os empregados teñen incentivos para investir en formación específica, e moito menos cando a duración do contrato é infeior aos tres meses; situación que en 2018 arectaba a máis de 35.000 asalariados galegos. A existencia dunha taxa de temporalidade tan alta trátase de xustificar en función dunha estrutura produtiva, pero seguramente obedece moito máis ao incumprimento xeneralizado da normativa laboral e que se traduce nun abuso das figuras temporaris para cubrir postos temporais de natureza estable.”

Ante esta afirmación que concorda coa análise que fai o noso grupo a vista dos datos de novas contratacións durante o 2018

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

- Que vai facer o Goberno para controlar a legaidade da contratación temporal en Galicia?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:52:13
Nº Rexistro: 52882
Data envío: 23/07/2019 12:52:13.445

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:35:05

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:35:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no Artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en **Pleno**

O SEPE ven de publicar os datos de tipos de contratos iniciais referidos a Galicia durante o 2018, datos que transcribimos na seguinte táboa.

Tipo de Contrato	Número de contratos asinados no 2018	Porcentaxe
Contratos iniciais	1.039.025	
Indefinido ordinario	54.757	5,27
Indefinido fomento do emprego (lei 63/1997)	0	0,00
Obra ou servizo	342.322	32,95
Eventual por circunstancias da produción	525.538	50,58
Interinidade	92.578	8,91
Prácticas	6.281	0,60
Formación	3.610	0,35
Outros	13.939	1,34
Prórrogas	114.418	11,01
Convertidos a indefinidos	43.101	4,15



Unha vez mais os datos reflexan a falsidade do relato da ocupación laboral en Galicia do Sr Feijoo, segundo o SEPE, durante o 2018 os contratos de traballo iniciais, foron fundamentalmente de carácter eventual, o que demostra a precariedade do noso mercado laboral. Os contratos de carácter indefinido xa sexa como ordinario ou transformación en indefinido apenas chegaron ao 9.5% do total.

Compre, polo tanto, abordar o problema da temporalidade, pero tamén da legalidade deste modelo de contratación. Como é posible que o 50,5% dos novos contratos do 2018 fosen por eventuais por circunstancias da produción, cantos postos de traballo de carácter estrutural, e polo tanto indefinidos se agochan baixo ese modelo de contratación, é crible que a metade dos novos contratos en Galicia durante o pasado ano fosen de carácter circunstancial, de ser así este sería outro enorme problema da nosa economía, que esta a facer o goberno galego para desenmascarar esa posible fraude.

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

- Que vai facer o goberno para mellorar e controlar o noso mercado laboral?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo



Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:25:25

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:25:35



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A provincia de Lugo está a sufrir graves problemas demográficos, entre eles un forte e acelerado proceso de despoboación do rural fonte a cal son necesarias medidas políticas para que poda ser atallado, pero en cambio o que está a facer a Xunta de Galicia é reducir os servizos básicos en educación e sanidade o que impide vivir con normalidade no entorno rural e polo tanto fixar a poboación a pese isto pesar de que o presidente Feijoo afirmou que esta sería a lexislatura do rural.

Así está a pasar no concello de Abadín, que mantén un inaceptable servizo de pediatría.

Para os 107 nenos e nenas en idade pediátrica, a metade con menos de 6 anos, o concello de Abadín conta cun servizo de pediatría no centro de saúde que só os atende dúas horas (de 9 a 11) un único día a semana e por riba este escaso servizo o realiza unha médica especialista en medicina familiar no en pediatría, que se despraza dende Vilalba.

O resto dos días, os nenos e nenas que necesitan asistencia médica teñen que acudir a Vilalba a unha distancia duns 20 minutos en coche, onde non se lles dá cita por teléfono ou internet se a súa médica non está (o que sucede a miúdo porque nunca é substituída ante vacacións días propios ou enfermidade), polo que teñen que desprazarse antes da 9 da mañá para pedir a cita persoalmente no mostrador do centro de saúde de Vilalba e esperar a ser atendidos varias horas despois, cando os facultativos terminen de atender aos pacientes con cita.

E todos estes problemas tamén para atencións cotiáns como una vacina ou un catarro. Ante esta situación son moitos os pais e nais que terminan indo a consultas privadas con todos os gastos que isto trae aparelado, porque está claro que non teñen os mesmos servizos que os nenos e nenas de Vilalba ou de outros concellos.



Moitos pais e nais consideran que están sendo penalizados para que se inscriban no centro de Vilalba e con elo baixe o número de nenos e nenas en Abadín e podan xustificar eliminar a pediatría neste concello.

Esta é unha situación inadmisíbel que non é propia dunha sociedade avanzada e os pais e nais de Baralla están a protestar por esta faltade atención e a reclamar unha mellor atención pediátrica con toda a razón porque están sendo discriminados cunha atención claramente escasa.

Nestes momentos o goberno do PP está a facer propaganda dunha Lei de impulso demográfico, pero está claro que ningunha lei pode paliar os efectos da perda de poboación si o Goberno non pon en marcha servizos sanitarios de calidade.

Os socialistas pensamos que os pais e nais de Abadín que están denunciando a escasa cobertura pediátrica teñen toda a razón e que teñen dereito un servizo axeitado de pediatría no concello onde viven e están censados os seus fillos e fillas polo que o goberno da Xunta ten que poñer remedio de inmediato a esta situación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o concello de Abadín non ten un servizo de pediatría suficiente para o coidado de todas os nenos e nenas que viven nel?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 12:21:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 12:21:51

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2019 12:22:01

Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2019 12:22:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en **Pleno**

A seguinte táboa contén a variación do emprego por comunidades autónoma dende o comezo da crise-estafa.

Cadro A3.1
Variación do emprego por comunidades autónomas

	2007	2018	Variación		% emprego recuperado
			Absoluta	%	
Andalucía	3.238,6	3.030,8	-207,8	-6,4	93,6
Aragón	623,3	573,8	-49,5	-7,9	92,1
Asturias	436,7	391,9	-44,8	-10,3	89,7
Baleares	509,7	560,1	50,4	9,9	109,9
Canarias	891,1	897,2	6,1	0,7	100,7
Cantabria	261,6	241,0	-20,6	-7,9	92,1
Castela e León	1.082,1	982,8	-99,3	-9,2	90,8
Castela-A Mancha	865,0	805,0	-60,0	-6,9	93,1
Cataluña	3.576,6	3.362,2	-214,4	-6,0	94,0
C. Valenciana	2.230,0	2.042,9	-187,1	-8,4	91,6
Extremadura	414,9	378,9	-36,0	-8,7	91,3
Galicia	1.193,3	1.077,6	-115,7	-9,7	90,3
Madrid	3.126,8	2.990,9	-135,9	-4,3	95,7
Murcia	637,7	592,3	-45,4	-7,1	92,9
Navarra	295,5	282,2	-13,3	-4,5	95,5
País Vasco	1.001,1	923,6	-77,5	-7,7	92,3
A Rioxa	147,4	138,0	-9,4	-6,4	93,6

Fonte: Encuesta de Población Activa, INE.

Segundo datos do INE, referidos a recuperación do emprego dende o inicio da crise-estafa económica no 2007, Galicia sitúase a cola da recuperación de



emprego tomando como referencia o período 2007-2018, únicamente por diante de Asturias, Galicia ten recuperdo neste período o 90,3 % do emprego namentras por exemplo, incluso Andalucía recuperou ata 3,3 puntos mais que o noso país.

Estes datos amosan que en termos de recuperación de emprego Galicia non converxe e amosa un preocupante menor dinamismo que o resto de territorios do estado.

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

- Que políticas vai implementar o Goberno ante o fracaso das políticas de emprego que impiden recuperar o emprego anterior a crise económica?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 13:01:32

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 13:01:41



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Un medio ambiente san é a base insubstituíble da nosa saúde e da nosa calidade de vida. A idea central da UE é que o desenvolvemento social e económico, así como o benestar humano, dependen da xestión sustentable dos recursos naturais do noso planeta. E é que a calidade ambiental é un dereito de toda a cidadanía e a súa protección unha obriga de todas as administracións, tal e como recolle a nosa CE de 1978. Así pois, a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a nova xestión da auga e dos residuos han de ser os retos da sociedade do futuro. Ou deberían selo.

Así, o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019 só recolle 6 medidas (que ocupan media páxina) dedicadas ao medio ambiente nas que unicamente fala de residuos e de forma ben escasa e xenérica. Concretamente, estamos a falar das medidas 347 a 352, que, literalmente, din: *“Promoveremos un marco legal que permita incrementar las inversiones necesarias para continuar mejorando los sistemas de reciclado. Promoveremos envases más sostenibles con diseños más ligeros y respetuosos con el medio ambiente. Fomentaremos el reciclado de los envases en la industria agroalimentaria. Avanzaremos en la implantación de recogidas separadas sobre otros flujos de residuos, que continúan recogiéndose agrupados en la fracción resto, en especial la materia orgánica. Promoveremos en los Planes autonómicos de gestión de residuos criterios que prioricen la valorización de residuos, tanto energética como material, frente a su eliminación en vertederos. Armonizaremos los criterios, a nivel nacional, del impuesto/tasa para evitar el “turismo de los residuos” entre comunidades autónomas. Promoveremos una Estrategia integral para las zonas verdes y bosques periurbanos que faciliten su accesibilidad y disfrute y favorezcan las actividades vinculadas al medio ambiente para todos.”*

Só máis adiante o programa fala da auga (como se a auga non formase parte do medio ambiente), pero non recollendo unha política da auga que permita minimizar a vulnerabilidade da poboación e do medio ambiente, de acordo coa normativa europea e da aplicación do principio básico de precaución nin considerando que o noso actual modelo de xestión da auga se atopa en proceso de



revisión pola necesidade de axeitalo ao cambio climático e aos seus impactos. Nada de mudar en serio a gobernanza da auga para converter o dereito a seu acceso nun dereito humano, tal e como dispuxo a ONU no ano 2010.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Parécenlle suficientes ao Goberno as seis medidas sobre medio ambiente que recolle o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 12:53:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 12:53:54

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 12:54:03



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Pleno**.

Rosalía Crego Navarro, na súa obra “Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)” concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (...) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuito, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado “Florestas” en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da “Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo”, fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno galego da profunda degradación do complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2019 13:18:43

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 13:18:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 13:19:07

María Luisa Pierres López na data 23/07/2019 13:19:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O 6 de xullo de 2019, logo de rematar o período de inscricións nos ciclos de FP, a Xunta daba a coñecer a eliminación do Ciclo de FP de Emerxencias e Protección Civil na Estrada, que se comezou a impartir en 2015, en conxunto entre o IES Antón Losada Diéguez e a Academia Galega de Seguridade Pública.

As razóns esgrimidas pola Xunta son motivos técnicos e organizativos e alega que é unha situación transitoria.

Esta decisión abrupta supón que haxa alumnado que quede sen a primeira opción escollida para os seus estudos de FP e outro que queda desamparado ao non ter escollido outra opción. En total, estaban inscritas 76 persoas para as 30 prazas ofertadas. Só se manterá o segundo curso do ciclo para que 27 alumnos poidan completar a súa formación.

Esta decisión é contraria á aposta por un sector de Emerxencias profesionalizado, pois mesmo a Xunta incluíu como mérito a posesión deste título de FP nas oposicións a postos deste sector, ademais de solicitar aos Concellos que tiveran en conta esta formación e de incluír esta formación como mérito para acceder aos GES.



Ademais, o feito de que se adxudicara unha vacante de docente no centro na especialidade de Procedementos Sanitarios e Asistenciais amosa a improvisación desta decisión de suprimir o ciclo de FP para o cal ten sentido esta praza.

A existencia do ciclo de FP de Emerxencias na Estrada foi motivo de gabanza por parte tanto da Xunta de Galicia como do Alcalde da Estrada, pero estas manifestacións non se corresponden coa decisión de paralizar este ciclo formativo.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vaise recuperar o ciclo de FP de Emerxencias na Estrada?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/07/2019 13:51:35






Luis Villares Naveira na data 23/07/2019 13:51:40

CSV: BOPGDSPGyrluTU9Gb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

